

## TEMA 9. A LITERATURA DO EXILIO ENTRE 1936 E 1976: poesía, prosa e teatro

A Guerra Civil interrompe de xeito trágico o movemento político e cultural desenvolvido no primeiro terzo do século XX coas Irmandades da Fala, a Xeración Nós, o Seminario de Estudos Galegos e Partido Galeguista. O triunfo do franquismo significou a desaparición, por morte, exilio ou silencio forzado, dos persoeiros da cultura e literatura galegas e o aniquilamento das empresas (editoriais, revistas, centros de estudo...) ao seu servizo, convertendo Galicia nun ermo total nos anos posteriores á guerra, sobre todo durante a década dos 40.

A actividade cultural e literaria só sobreviviu durante estes anos no exilio e na emigración, nomeadamente na Arxentina. Na súa capital, Bos Aires, creáronse editoriais (Galicia, Atlántida, Emecé...) organizábanse exposicións, representacións teatrais ou audicións de radio en galego; editáronse xornais e revistas (*Correo Literario*, *Galicia Emigrante*, segue viva *A Nosa Terra*...), converténdose esta cidade na verdadeira capital política, cultural e literaria de Galicia.

**1. A POESÍA.-** Dentro da ampla actividade cultural desenvolvida polos exiliados salienta a produción con **Luis Seoane**, **Lorenzo Varela** e **Emilio Pita** á cabeza. As súas obras de contido social influirán poderosamente na corrente **socialrealista** que triunfará en Galicia nos anos 60 e 70.

**Emilio Pita.** Foi un esforzado activista político e cultural na emigración, así como produtor e colaborador de revistas culturais. É autor dun dos primeiros libros publicados no exilio, *Jacobusland* (Bos Aires, 1942). Neste poemario, ilustrado por Castelao, retoma a vella poesía social ao xeito de Cabanillas para denunciar a barbarie da guerra e do exilio e expresa a nostalgia pola Galicia anterior ao conflito. Priman a capacidade de comunicación e a mensaxe por enriba da cuestión formal, tanto nesta obra coma nas seguintes: *Cantigas de nenos*; *Polos camiños do pobo*; *Os relembros*. *As cantigas*; *O ronsel verdegal*.

**Lorenzo Varela.** É un dos continuadores deste labor, coa aportación de dous libros fundamentais. *Catro poemas para catro gravados* (1944), ilustrado por Seoane, desenvolve cadros de personalidades históricas galegas (María Pita, María Balteira, Roi Xordo e o bispo Adaúlfo). En 1954 publica a súa obra máis significativa, *Lonxe*, centrada nunha dobre temática: a denuncia da guerra e das súas consecuencias no país, e o estrañamento provocado pola ausencia da Terra, o exilio e a saudade.

**Luis Seoane.** Artista polifacético excepcional: pintor, gravador, dramaturgo, poeta e editor. É autor de catro poemarios: *Fardel do eisilado* (1952), *Na brétema*, *Sant-Iago* (1956), *As cicatrices* (1959) e *A maior abundamento* (1972). O tema central da súa poesía é a emigración, tratada desde a perspectiva dos propios emigrantes. Ten unha concepción socialrealista da poesía, pois enténdea coma unha arma útil para a denuncia. O protagonista dos poemas é o pobo galego, os traballadores, verdadeiros heroes de Galicia.

**2.- A NARRATIVA.** A maior achega á narrativa desde o exilio veu da man de **Blanco Amor** (emigrante primeiro e autoexiliado despois), coa publicación de *A esmorga* (Bos Aires, 1959); e de **Neira Vilas**, con *Memorias dun neno labrego* (Bos Aires, 1961).

Por outra banda, a narrativa do exilio caracterízase pola publicación de **novelas realistas**, con certas doses de autobiografismo, que centran a súa temática na experiencia traumática provocada pola guerra e a represión dos primeiros anos da posguerra: o mundo dos fuxidos, da guerrilla, da represión e o desterro.

Os seus máximos representantes son:

**Ramón de Valenzuela.** Na súa primeira novela, *Non agardei por ningún* (1957) aborda as peripecias dun fuxido e guerrilleiro co trasfondo da marxinação do mundo rural, das inxustizas sociais, o mundo das guerrillas e a loita galeguista.

**Silvio Santiago.** Afincado en Caracas, deixounos dúas importantes novelas de declarada intención realista. *Vilardévós* (1961) recrea a súa aldea natal e a súa infancia; rememora a vida pasada na aldea, xunto coas xentes e a natureza. *O silencio redimido* (1976) conta a traxedia vivida na conxuntura da guerra.

**Antón Alonso Ríos.** En 1956 publica *Da saudade. Amore, arte e misticismo*, novela de evocación fidalga e con protagonismo da paisaxe, seguindo a narrativa de Otero Pedrayo. *O señor Afranio ou como rispei das gadoupas da morte (memorias dun fuxido)* (1979) é unha novela autobiográfica que trata o tema da guerra e da fuxida para escapar da morte que atoparon moitos dos seus compañeiros e amigos.

**3.- O TEATRO.-** A existencia de compañías como **Compañía Galega Maruxa Villanueva**, (actriz que lle dá nome), e **Teatro Popular Galego** (fundado e dirixido por Blanco Amor) fixeron posible a actividade teatral no exilio.

Podemos distinguir dous modelos distintos, tanto desde o punto de vista estético coma do temático:

**3.1 Teatro popular:** realizado fundamentalmente por emigrantes en Bos Aires, é un teatro costumista, que non esquece a intención de espertar a conciencia galeguista. Facíanse varias representacións ao ano entre as asociacións da numerosa colonia galega.

O dramaturgo de máis sona foi **M. Varela Buxán**, autor de obras como *A xustiza do muiñeiro* ou *O ferreiro de Santán*.

**3.2 Teatro culto:** continúa a ansia modernizadora do grupo Nós tanto na estética coma nas técnicas dramáticas:

**Castelao.** *Os vellos non deben de namorarse*, estreada en Bos Aires en 1941, mestura tradición e estética expresionista.

**Luís Seoane.** Este polifacético artista, malia non poder estrear daquela ningunha obra por mor das circunstancias, escribiu tres pezas dramáticas, un teatro moi culto, cívico, moderno e de gran calidade: *A soldadeira*; *O irlandés astrólogo*; *Esquema de farsa*..

**Blanco Amor.** As súa pezas publicáronse posteriormente en dous volumes, *Farsas para títeres* (1962) e *Teatro para a xente* (1964), que serían moi representadas en Galicia a partir do anos 70.

**Daniel Varela Buxán.** Autor de obras costumistas centradas na vida labrega: *Taberna sen dono*; *A xusticia dun muiñeiro*.

**Ánxel Fole** publicou a obra *Pauto do demo* en Bos Aires no ano 1958

**Isaac Díaz Pardo** publicou en Bos Aires as obras *Midas* e *O ángulo de pedra*.

